

Convocatoria da Comisión Informativa Especial de Contas e de Facenda e Economía para o día 17 de febreiro de 2021

De conformidade co acordado polo Pleno da Deputación Provincial na sesión extraordinaria de organización do 16 de xullo de 2019, durante o mandato 2019-2023 a Comisión Informativa Especial de Contas e de Facenda e Economía, debe realizar sesión ordinaria os mércores da semana anterior á realización do Pleno ordinario de cada mes.

DISPOÑO:

Convocar a Comisión Informativa Especial de Contas, Facenda e Economía en sesión **ordinaria**, para o **día 17 de febreiro de 2021**, ás 17.30 horas, mediante o sistema de videoconferencia, no seguinte enlace: <https://call.lifesizecloud.com/6339614>

A orde do día é a seguinte:

1. 2021/8R/CI NEGOCIADO DE SECRETARÍA XERAL

Aprobación da acta da sesión anterior, correspondente á ordinaria do día 20 de xaneiro de 2021

2. 2021/1622G PRESIDENCIA

Fixación de prezo público para a venda do catálogo da exposición “Galicia, de Nós a nós”.

3. 2020/24867C PRESIDENCIA

Modificación da base 67ª, apartado d) do capítulo XI Retribucións e indemnizacións dos membros da corporación das de execución dos orzamentos da Deputación Provincial de Ourense para o exercicio 2021.

4. 2020/30092R PRESIDENCIA

Aprobación inicial do orzamento para o exercicio 2021 do Consorcio de Augas de Valdeorras e a súa integración no orzamento xeral da Deputación Provincial de Ourense para o exercicio 2021.

5. MOCIÓNS DE URXENCIA.

6. ROGOS E PREGUNTAS.

Así o dispón e o asina a Presidencia da Comisión, en Ourense, na data que consta na sinatura electrónica deste documento. Dou fe.